

BOLETÍN DE PROBLEMAS DE FRACCIÓN

- 1.- Un peregrín pretende facer o camiño en tres etapas: na primeira percorre $\frac{2}{5}$ do total, na segunda $\frac{1}{3}$ e o terceiro o resto. ¿Que fracción do camiño percorrerá o terceiro día? Sabendo que a lonxitude total do percorrido é de 120 quilómetros, ¿cantos fará cada día?
- 2.- Unha persona gasta as $\frac{5}{12}$ partes do seu soldo en comida, a terceira parte en vivenda e a quinta parte en varios. ¿Que proporción lle queda para poder aforrar?. Supoñendo que o seu soldo é de 2100€, calcula a cantidade que destina para cada cousa.
- 3.- Entre tres rapaces repártense caramelos; ao primeiro tócanlle os $\frac{2}{5}$, ao segundo os $\frac{3}{7}$. ¿Que fracción lle corresponde ao terceiro? ¿Cal deles leva máis?
- 4.- Un coche percorre un traxecto en tres etapas: na primeira fai $\frac{5}{12}$ do total, na segunda os $\frac{9}{16}$. ¿Que fracción percorreu na terceira?
- 5.- Se cada un dos convidados a unha festa come $\frac{2}{15}$ de empanada, ¿cantas empanadas precisaremos para 35 convidados? ¿que fracción de empanada sobrar?
- 6.- Dos 540 alumnos e alumnas dunha escola a 7 de cada 15 gústanlle soamente as Ciencias, e a 7 de cada 18 a Historia. Calcula :
 - a) o número de alumnos aos que lles gusta só as Ciencias ou só a Historia.
 - b) a fracción de alumnos aos que non lles gusta ningunha das dúas asignaturas
- 7.- Unha pipa está chea ata os $\frac{3}{5}$ da súa capacidade e fáltanlle 100 litros para completala totalmente. ¿Cantos litros caben en total?
- 8.- Un poste ten $\frac{1}{10}$ da súa lonxitude soterrado no chan e sobresaen 18 metros. ¿Cal é a lonxitude do poste?
- 9.- Nunha riada unha prantación queda danada; do total da prantación $\frac{1}{12}$ son arrastradas pola corrente, $\frac{3}{7}$ son danadas fortemente e 41 non son afectadas. ¿Cantas prantas había na horta?
- 10.- Nunha librería a metade dos libros son novelas, un tercio dos que quedan son libros de poesía e o resto son obras de consulta. ¿Que fracción do total representan estes últimos?
- 11.- Antón gastou $\frac{2}{5}$ dos seus cartos en mercar libros, $\frac{1}{4}$ dos que lle quedaba en discos e aínda lle quedaron 90 €. ¿Cantos cartos tiña Antón antes de saír da casa?
- 12.- Nun depósito hai 90 litros de viño. Enchemos con ese viño 50 botellas de $\frac{3}{4}$ de litro e 45 botellas de medio litro. ¿Cantas botellas de litro precisaremos para encher o resto do viño que queda no depósito?
- 13.- Dun cordel Ramón colle a metade; Paco colle a metade do que queda; do que queda María colle a metade; do que queda Carmen colle $\frac{2}{5}$. Ao final quedaban 30 cm. ¿Cal era a lonxitude do cordel?
- 14.- A auga ao conxelarse aumenta o seu volume un décimo do mesmo. ¿Que volume ocuparán 200 litros de auga despois de solidificarse?
- 15.- Dos 600 alumnos dunha escola, aos $\frac{7}{30}$ gústalles o baloncesto, aos $\frac{2}{5}$ do resto gústalles o fútbol, á sexta parte do resto gústalles o balonmán e ao resto non lle gusta ningún deporte. ¿A cantos lles gusta cada un dos deportes anteriormente citados?
- 16.- Unha pelota cae desde 270 metros de altura e en cada bote acada os $\frac{2}{3}$ da altura anterior. ¿A que altura chegará o terceiro bote?